



CONSORCIO DE  
SANTIAGO

Newsletter

Galego\_ Setembro 2019



## REHABILITACIÓN

### Axudas para a rehabilitación de carpinterías e para mellorar o mantemento exterior dos inmobles

O Consorcio de Santiago concedeu 27 axudas para a rehabilitación dos elementos especiais de madeira e reixas en inmobles da cidade histórica de Santiago, financiando un total de 124.394,67 €. Ademais, aprobáronse 18 axudas para mellorar o mantemento exterior e a eficiencia enerxética dos inmobles, por un importe total de 136.926,55 €.

## EXPOSICIÓNS

### “A paisaxe e a súa pegada II”

No marco do proxecto “Imaxinando Compostela”, vencellado ao Xacobeo 2021, a Casa do Cabido vai acoller a segunda parte da exposición *A paisaxe e a súa pegada*. Catro fotógrafos - Xoán Soler, Andrea Costas, Eva Díez e Denís Estévez- amosarán a súa particular visión da paisaxe do Camiño de Santiago e da cidade compostelá. A mostra, comisariada por Mercedes Rozas, poderá visitarse durante os meses de outubro, novembro e decembro.



O violoncellista Steven Isserlis tocará coa RFG

## MÚSICA

### A Real Filharmonía de Galicia ofrece “unha noite de zarzuela”

A Real Filharmonía de Galicia vai ofrecer sete concertos en outubro. O día 3 será “unha noite de zarzuela”, baixo a batuta de Manuel Coves e coas voces da soprano Miren Urbieta-Vega e do barítono Damián del Castillo, en coprodución coa Asociación Amigos da Ópera de Santiago de Compostela.

O 17 en Santiago e o 18 en Lugo contarase coa participación do pianista Dmytro Choni, gañador do Concurso Internacional de Piano de Santander en 2017. O 24 celebrarase o 30º aniversario do Auditorio de Galicia, con Paul Daniel e o gran violoncellista Steven Isserlis, ao tempo que se estreará unha obra da compositora compostelá Sofía Infante. Parte do concerto repetirase ao día seguinte para escolares. O violín de Ellinor D’Melon soará o 30 en Vigo e o 31 en Santiago, con Michail Jurowski á fronte da orquestra.



### Arranca o curso na EAEM

O Curso Avanzado de Especialización Orquestral inicia a súa oitava edición na Escola de Altos Estudos Musicais. Está recoñecido como título propio de posgrao pola Universidade de Santiago de Compostela. Diríxese a músicos instrumentistas con titulación superior que teñan como meta adquirir a formación e a experiencia necesarias para integrarse nunha orquestra profesional.